

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 2 DE NOVEMBRO DE 2011

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dous de novembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbanse as actas das sesións ordinaria e extraordinaria da Xunta de Goberno Local, correspondentes ao días 26 e 28 de outubro de 2011.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE.- Acórdase a execución de sentenza ditada en Recurso Contencioso Administrativo núm. 203/2008.

Acórdase a execución de sentenza ditada en Recurso Contencioso Administrativo núm. 626/2007, interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 21 de marzo de 2007, de denegación da licenza de apertura dun mesón na rúa Juana La Loca, número 33, baixo.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento da parcela matriz denominada “monte fondo de las regas” cunha superficie de 60.885 m² en dous predios: lote a de 30.442,5 m² e lote b de 30.442,5 m², sita en solo rústico, San Martín de Carballido, parcela 42, polígono 415 e para parcelamento da parcela matriz, sita en San Martín de Carballido cunha superficie de 258.680 m², formada polas seguintes parcelas catastrais: parcela catastral 27900a473000350000HW, parcela catastral 27900a469000840000HJ e parcela catastral 27900a469000850000HE; segregándose en dous predios: lote a de 129.340 m² e lote b de 129.340 m², sita en solo rústico, San Martín de Carballido, predio denominado “El Barban”.

Acórdase a rectificación de erro no acordo número 6/541 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión do día dez de agosto de dous mil once, polo que se concedía licenza para rehabilitación de vivenda unifamiliar, sita no núcleo rural tradicional de Monte de Meda, parroquia de Santa María Madanela de Monte de Meda.

Tamén se acorda a concesión das seguintes licenzas: para construción de edificio na rúa Chantada esquina Carril da Estrela; para modificación da licenza quedando a descrición do edificio como segue: edificio composto de: 2 plantas soto para garaxe aparcadoiro en grao 1º, rochos e instalacións; planta baixa para accesos, locais de comunidade e instalacións, un local sen uso definido, e garaxe aparcadoiro en grao 1º; plantas 1ª a 6ª para 2 vivendas e 2 locais de oficina cada unha; planta 7ª para 3 vivendas; o que fai un total de 15 vivendas e 12 locais de oficina e 42 prazas de garaxe na parcela 3, da Unidade de Actuación, CN-19 e para construción dunha vivenda unifamiliar illada que se vai situar na parcela 15-17, rueiro M-7, Areeiras-Louzaneta, Polígono 1.

Así mesmo, acórdase a concesión da licenza de primeira utilización para o edificio sito na parcela 4.1 da Unidade de Actuación CS-6, con licenza de obra 251/08 e 681/11.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios para levar a cabo por persoal adscrito ao Servizo de Arquitectura e da aprobación da forma de compensación.

Tamén se acorda a autorización para a realización de servizos extraordinarios por parte dunha Educadora Municipal e da aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

4. FACENDA LOCAL.- Acórdase a modificación da liquidación núm. 5180158 (834/2011), aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 1 de xuño de 2011 ao seu nome, en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola licenza para

ACTAS E GOBERNO
JACA/cvr
Refª: 11extractoxg52.doc
Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 2-11-2011

rehabilitación interior de edificio para uso exclusivo de café bar restaurante na rúa da Cruz, 17, por importe total de 2.268,74 €, por mor de modificacións no presuposto de execución material valorado polo Servizo de Arquitectura.

Lugo, 3 de novembro de 2011
A CONCELLEIRA-SECRETARIA EN FUNCÍONS,

Asdo.: María del Carmen Basadre Vázquez